

MAZARICOS (A CORUÑA)



► Pódennos explicar como é a súa explotación e que tipos de cultivos realizan?

Actualmente temos 470 vacas en lactación e un total de 930 animais. Manexamos 150 hectáreas de praderías con mesturas de gramíneas con leguminosas, as cales sementamos cada ano a millo.

► Como realizan as fertilizacións nas pradeiras?

A parte do xurro que produce a explotación, antes da sementeira e no inverno, o ano pasado aplicamos AMICOTE CORBIGRAN, unha emenda calcaria granulada, que leva calcio, magnesio e 4 % nitróxeno. Incorpora a tecnoloxía C-VIDA, que axuda a que se mineralice a materia orgánica e se desbloqueen nutrientes como o fósforo. Para nós é moi importante, xa que deste xeito deixamos encaladas as parcelas para millo, que arrinca mellor e máis forte. Este ano temos a intención de repetir, pero como dispoñemos de praderías con moito trevo e veza, hai que esperar a ver como vai a primavera. Seguramente nos dea unha única curta. Se vemos que é necesario aplicar algo máis de nitróxeno, optaremos por NERGETIC DS+, un nitroxenado máis completo e protexido para optimizar as unidades aplicadas e poder ir a unha dose non moi alta. Dispón da tecnoloxía DUO-PROL, un fertilizante nitroxenado nítrico amoniacal totalmente protexido, que vén complementado con calcio, xofre e boro.

Ademais, fai que a planta teña o nitróxeno dispoñible desde o primeiro momento. Esta zona é moi húmida e con moitas choivas, pero con este produto evitamos o lavado de nitróxeno e dos demais nutrientes. Garantimos así que a planta teña nitróxeno durante máis tempo e obtemos a mellor calidade de forraxe posible.

► Que achega Nergetic DYNAMIC?

Coa tecnoloxía DUO PROL, ofrece nitróxeno con dobre protección: por unha banda, en forma de polímero regulador, que reviste os grans de fertilizante protexendo todos os nutrientes e retardando as perdas por lixiviación de nitróxeno nítrico e amoniacal e, pola outra, en forma dun inhibidor da nitrificación, que promove a diminución da lixiviación de nitróxeno nítrico.

► No caso do millo, que fertilizantes utilizan?

Para o cultivo do millo antes de semantar aplicamos DYNAMIC 24-7-7, a unha dose de 600 kg/ha. Este fertilizante tamén está protexido coa tecnoloxía DUO-PROL, un polímero regulador e unha molécula inhibidora de nitrificación. Con este fertilizante temos tamén protexidos o fósforo, o potasio e o xofre, para que ningún elemento se lave nin se bloquee. Vimos que con este produto o millo chega moi verde e san ata a colleita, sen ningún tipo de carencias e alcanzando moi boas producións. Nun ano como este pasado, que choveu moito, o nitróxeno chegou perfecta-

mente ao final do ciclo. Sementamos ciclos relativamente longos para estas zonas e conseguimos unhas calidades de 30 % de amidón cun 33 % de materia seca e unha proteína de 10 %, cunha produción de algo máis de 55 t/hectárea.

► Usan algún outro produto de Fertiberia TECH?

Nos últimos anos empregamos tamén o fertilizante de aplicación foliar PROFERTIL, cando damos algún tratamento de herbicida/insecticida en posemerxencia, para protexer a planta e que se recupere do estrés causado polo herbicida e o frío.

► Como coñeceron esta gama?

A través do distribuidor de zona, co que temos unha excelente relación, e polo delegado técnico comercial de Fertiberia TECH, que veu con el a presentarnos os produtos.

► Que valoración fan da firma?

Valoramos moito a proximidade tanto do distribuidor como dos técnicos da casa, a calidade dos seus produtos, as súas tecnoloxías e a boa granulación. Tamén temos en conta o servizo que teñen de analítica de terras, consideramos que é algo que se debe facer periodicamente para planificar as fertilizacións.

► Recomendarían os produtos de Fertiberia TECH a outros gandeiros?

Por suposto que si! Usámoslos e recomendámoslos, xa que estamos moi satisfeitos cos resultados. Nesta zona cada vez máis gandeiros os usan e repiten.

Delegación da Coruña

Tel.: 636 163 729

Delegación de Lugo

Tel.: 638 199 510

Delegación de Ourense e Pontevedra

Tel.: 627 421 159

INTERGAL ESPAÑOLA, S.A.
Grupo Fertiberia

C/ Agustín de Foxá, 27. Planta 10
28036 Madrid

Tel: 91 571 88 35 - Fax: 91 571 82 96
e-mail: info@intergal.es

APP: Fertiberia TECH
